

## RESOLUCIÓN DE AUTORIZACION E REGISTRO DUN CENTRO DE RECOLLIDA E ALMACENAMENTO DE SEME DE EQUINO

**Procedemento:** Autorización de centros de recollida e almacenamiento de seme de equino

**Asunto:** Resolución de autorización e rexistro

**Solicitante:** D. Herminio Pose Nieto

**Enderezo:** Finca O Abeledo (Laxes), Camposo.- 27163, O Corgo, Lugo

**REGA:** ES270140136901

**Data inicio:** 15/02/2012

**Forma de inicio:** A petición do interesado

Visto o informe do xefe do Servizo de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar do Departamento Territorial de Lugo, en relación co expediente arriba indicado dítase a presente resolución baseada nos feitos e consideracións que se sinalan a continuación:

### FEITOS

- O día 15/02/2012, D. Herminio Pose Nieto , en calidade de veterinario responsable do centro de recollida e almacenamiento de seme de equino Serveteq S.L.U, co NIF: B27429778, presentou unha solicitude de autorización do citado equipo.
- Con data 12/03/2012 o xefe do Servizo de Gandería do Departamento Territorial de Lugo emitiu informe favorable relativo a devandita solicitude.

### CONSIDERACIÓNIS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Directiva 92/65/CEE do Consello, de 13 de xullo de 1992, pola que se establecen ás condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios e ás importacións na Comunidade de animais, seme, óvulos e embríóns non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normativas comunitarias específicas a que se refire a sección I do anexo A da Directiva 90/425/CEE e as súas modificacións.
2. Regulamento (UE) 176/2010 da Comisión, do 2 de marzo de 2010, polo que se modifica o anexo D da Directiva 92/65/CEE do Consello no que respecta aos centros de recollida e almacenamento de seme, os equipos de recollida e producción de embríóns e ás condicións aplicables aos animais donantes das especies equina, ovina e cabrún e a manipulación de seme, óvulos e embríóns de ditas especies.
3. Real Decreto 841/2011 do 17 de xuño, polo que se establecen ás condicións básicas de recollida, almacenamento, distribución e comercialización de material xenético das especies bovina, ovina, caprina e porcina, e dos équidos.